



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar a convocatoria de axudas da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** para a creación, posta en marcha e consolidación de **Unidades Mixtas de Investigación** correspondente ao ano 2016. O éxito da primeira e segunda convocatoria, grazas á que se constituíron 17 unidades deste tipo, animou á Xunta a convocar unha terceira edición.

Os **obxectivos** desta convocatoria son **crear e impulsar grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e empresas** que se convertan en catalizadores do desenvolvemento de liñas de I+D+i; desenvolvan proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento; poñan en valor grupos de investigación; aproximen os organismos de investigación á empresa; atraian a Galicia liñas de I+D+i; e incentiven a transferencia de resultados de I+D+i ao mercado.

Os **destinatarios** destas axudas son as agrupacións entre un **organismo de investigación de Galicia** e unha **empresa** que teñan constituído unha **unidade mixta de investigación** para o desenvolvemento de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i durante un período mínimo de 3 anos. Considéranse **organismos de investigación susceptibles de ser beneficiarios desta convocatoria** os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación de Galicia, as universidades do Sistema Universitario de Galicia, os centros en Galicia do CSIC e do IEO, as fundacións de investigación sanitaria e outros organismos de investigación. Ademais, as unidades mixtas deberán ter entidade física propia, un orzamento mínimo de 2 millóns de euros para un período de 3 anos e estar centradas nunha área de investigación que esté aliñada cos **retos e prioridades da RIS3**.

A dotación total da convocatoria ascende a **5 millóns de euros** a distribuír en catro anualidades, 2016-2019. O importe máximo de cada unha das axudas será de 1,5 millóns de euros e a intensidade media sitúase no 30% do orzamento total da unidade. Estas axudas están cofinanciadas no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.